

CERTIFICADO

Expediente núm.:	Órgano Colexiado:
2970/2024	Xunta de Goberno Local XGL/2024/36

Nuria Lobato Del Río, EN CALIDADE DE SECRETARIA,

CERTIFICO:

Que na sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local desenvolvida o 9 de setembro de 2024 adoptouse, por unanimidade das persoas asistentes, o seguinte acordo:

Expediente 2970/2024. Proposta relativa á Aprobación expediente de contratación administrativa de obra do proxecto de RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA

Vista a proposta da alcaldesa, datada o 6 de setembro de 2024, que textualmente di:

Expediente núm.: 2970/2024 (relacionado co expdt. 998/2024- S0602 - Subvención recibida en réxime de concorrencia competitiva e 882/2023- Contratacións menores de servizos-Contratación menor. Redacción de proxectos)

Procedemento: Contratacións-S0242 - Contratacións de obras por procedemento aberto simplificado

Asunto: Contratación da execución da obra RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA

Documento: Proposta de alcaldía

Trámite: Aprobación expediente de contratación administrativa de obra do proxecto de RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA

Proposta de alcaldía

I. Antecedentes:

1º.- **Incoación do procedemento. Financiación da inversión.-**

Mediante providencia de alcaldía, de data 02.09.2024 (csv: 6GJEXRGQXQ5NWHFD59HLQZKJ3-<https://concellodemoaana.sedelectronica.gal/>), iniciase procedemento de contratación administrativa da obra contida no proxecto denominado de RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA redactado e asinado por Casimiro Fontenla Bugallo, Enxeñeiro industrial, Colexiado núm. 711, en representación de ESINPRO INGENIERIA SL, B36406536 e aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024 (ref. Expdt relacionado 882/2023- Contratacións menores de servizos), por procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria, coas seguintes características:

Tipo de contrato: CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA

Obxecto do contrato: Execución da obra contemplada no proxecto de "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024" redactado e asinado por Casimiro Fontenla Bugallo, Enxeñeiro industrial, Colexiado núm. 711, en representación de ESINPRO INGENIERIA SL, B36406536 e aprobado pola Xunta de Goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024 (ref. Expdt relacionado 882/2023- Contratacións menores de servizos)

Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO

Tramitación: Ordinaria

Código CPV:

CPV 45232130-2 Traballos de construción de canalizacións de augas pluviais

CPV 45232410-9 Obras de saneamento

CPV 45233222-1 Traballos de pavimentación e asfaltado



Prazo obra: CATRO (4) MESES
Valor estimado: 202.512,13€
IVE: 42.527,55€
Orzamento base de licitación IVE excluído: 202.512,13€
Orzamento base de licitación IVE incluído: 245.039,68€

Na citada providencia se xustifica o procedemento de contratación proposto á vista das características e do importe do contrato, de conformidade co previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

A inversión que resultaría da celebración do contrato é obxecto de financiación pola Deputación provincial de Pontevedra (DP.PO), ao abeiro da LIÑA 1 (investimentos) do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal da Deputación provincial de Pontevedra, en adiante Plan + Provincia 2024, consonte ás bases reguladoras de ditas axudas provinciais que foron publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024, segundo resulta do acordo num. 9.33701. da XG da DP.PO, recaída no Expte. 2024020345, relativo á concesión ao concello de MOAÑA, CIF: P3602900G, dunha subvención por importe de 245.039,68€, con destino ao financiamento do investimento "Renovación colector de saneamento e pavimento en Rúa Baixada A Torneira" (Expte.2024020345), en base a un orzamento polo mesmo importe. (CSV: 7HS19UJLLOU1YRFZ-: <https://sede.depo.gal>).

2º.- Aprobación do proxecto técnico da obra.- Replanteo do proxecto. Innecesariedade de supervisión do proxecto-

Mediante acordo adoptado pola Xunta de goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024 (ref. Exptd relacionado 998/2024) (CSV do acordo: 3QCCJCYR7CMT5XH246TMGZJGM-<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), se aproba o proxecto RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA", elaborado por EslnPro, S.L Ingeniería con CIF B36406536, cun importe total de 245.039,68 €, IVE incluído.

Consta efectuado replanteo do proxecto en data 27 de marzo de 2024 asinada polo redactor do proxecto e pola alcaldesa deste concello no modelo correspondente Plan +Provincia (Liña 1) da Deputación de Pontevedra (csv: WTEJNGDNTQ7HM6WWWQRY597WT -https://concellodemoana.sedelectronica.gal)

Consta informado expresamente polo aparelador do concello, mediante informe de data 05 de setembro de 2024 (csv: 7DLP3ST97APAS427MKEJDK5CR- <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), a innecesariedade de supervisión do proxecto nos termos previstos no art. 235 da LCSP posto que as obras NON afectan "á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra".

3º.- Afeccións: dispoñibilidade da autorizacións sectoriais.-

O arquitecto do concello, mediante informe emitido en data 07 marzo 2024 (csv: 5QHSZT7EPDLTPD5QMKHE5EE9 -<https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>) sinala que as obras Cumpren a normativa urbanística e sectorial de aplicación para esta obra así como o PXOM como planeamento municipal en vigor, PRECISANDO DE INFORMES SECTORIAIS PREVIOS do SERVICIO DE INFRAESTRUCTURAS Y VÍAS PROVINCIALES DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA E Á CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA DIRECCIÓN XERAL DO PATRIMONIO CULTURAL DA XUNTA DE GALICIA segundo se desprende do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Moaña

O apartado 9º da Memoria do proxecto relativo a expropiacións e servizos afectados que indica o seguinte

Las actuaciones proyectadas se desarrollan en un vial público existente y no suponen su modificación en cuanto a trazado por lo que no será necesario realizar ningún tipo de expropiación.

El tráfico en ese vial es reducido por lo que la afección prevista durante las obras es limitada y será resuelta en obra.

En base a la información del Mapa de Afecciones Territoriales del Plan Básico Autonómico de la Xunta de Galicia correspondiente a esa zona, incluido en el Anejo 9, se ha detectado una afección vinculada a la existencia de la zona de protección del **Núcleo Tradicional do Cruceiro de San Martiño**. En su tramo final, por otra parte, se encuentra dentro de la zona de afección de la carretera EP-1104 por lo que será necesario solicitar las autorizaciones correspondientes.

En cumprimento do anterior, previa instrucción das autorizacións sectoriais indicadas como esixible na execución da obra, mediante providencia de incoación referenciada no antecedente 1º se incorpora ao expediente administrativo de contratación de obra as seguintes autorizacións sectoriais :

- Autorización sectorial de obra de renovación de colector de saneamento e pavimento en rúa Baixada a

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100.



Torneira, concello de Moaña emitida, en data 24 de abril de 2024, pola Directora Xeral de Patrimonio Cultural (Expte. 975/2024) CVE: DjWIP8uqnwP0- <https://sede.xunta.gal/cve>.

A citada autorización sinala que axustarase ás condicións xerais e particulares nela contidas e que deberán ser de obrigado cumprimento na execución da obra

● Autorización sectorial do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais da Deputación de Pontevedra emitida en data 16 de xullo de 2024.(CSV):4B6JOEMGM6D4LGGI-<https://sede.depo.gal>

A citada autorización sinala que axustarase ás condicións xerais e particulares nela contidas e que deberán ser de obrigado cumprimento na execución da obra

4º. Xustificación da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da elección do procedemento e do análise económico do contrato.-

Consta memoria, de data 03 de setembro de 2024 (csv: 9QER35C655F9KHD2MLXJDKZPL--<https://concellodemoana.sedelectronica.gal>), xustificativa da natureza e extensión das necesidades que pretenden cubrirse mediante o contrato proxectado, así como a idoneidade do seu obxecto e contido para satisfacelas, da elección do procedemento e do análise económico do contrato, asinada pola concelleira delegada de Urbanismo (delegación da área resolta por decreto de alcaldía núm. 563/2023 de 19.6.2023-BOP.PO núm. 127 de 03.07.2023), que xustifica a necesidade das actuacións.

As necesidades descritas, as vincula o órgano xestor co exercicio das competencias municipais definidas nos arts. 25.2.d) da LRBRL, 80.2.d) da LALGA, relativas á conservación de camiños e vías rurais, segundo resulta do apartado 3º da memoria.

A memoria, contén, xunto coa necesidade derivada do contrato (apartado 3), a definición do obxecto do mesmo (apartado 2º), o análise económico e o seu impacto na estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (apartados 4º e 5º), así coma a xustificación do procedemento de contratación aberto simplificado proposto, dos criterios de adxudicación e a xustificación da non división en lotes (apartado 6º).

5º.- Xustificación non división en lotes.-

Consta xustificación no apartado 6º da Memoria xustificativa do contrato nos termos esixibles no artigo 99.3 da LCSP, e consta xustificación polo técnico redactor do proxecto segundo resulta do informe complementario ao proxecto técnico de 29 de xullo de 2024.

6º. Retención de crédito.-

No expdt consta incorporado documento contable de retención de crédito, na aplicación orzamentaria 1532 61901, operación núm. 220240009461 de data 27.08.2024, polo importe de 245.039,68 euros.

II. Normativa de aplicación .-

-Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

-Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

-Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RGC).

-Lei 39/2015, de 01 de outubro, de Procedemento Administrativo Común do sector público.(LPAC)

- Real Decreto 203/2021, do 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

-Lei 40/2015 de réxime xurídico do sector público (LRXSP)

-Lei 7/85 de 02 de abril reguladora das bases de Réxime Local (LRBRL).

-Real decreto 781/86 polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL)

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (LALGA).

-Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLFL)

-Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e sustentabilidade financeira das administracións públicas.

- Bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2024, publicadas no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO) núm. 2 do 03/01/2024, (Código seguro de verificación:EL02CRUQ7C9FDGDY- <https://sede.depo.gal>)

Tendo en conta os antecedentes de feito detallados ao longo da presente proposta, en aplicación do disposto nos arts. 116,117,131 e 146 seguintes da LCSP respecto á elección e tramitación do procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación.

Emitido e vistos os informes xurídico e de fiscalización previa á aprobación do expediente de contratación, emitidos, por parte da secretaria e interventora acumulada do concello, en data de 05 e 06 de setembro de 2024, respectivamente.



Considerando a competencia do órgano de contratación tendo en conta o disposto na DA 2ª da LCSP, en base aos antecedentes detallados e con aplicación da regulación contida na normativa de aplicación relacionada no presente acto administrativo, PROPOÑO Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra recollida no proxecto técnico denominado "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024" redactado e asinado por Casimiro Fontenla Bugallo, Enxeñeiro industrial, colexiado núm. 711, en representación de ESINPRO INGENIERIA SL, B36406536 e aprobado pola Xunta de goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación de obra recollida no proxecto denominado "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024" por procedemento de contratación aberto simplificado previsto no art. 159.6 da LCSP, con pluralidade de criterios de adxudicación, co valor estimado e presuposto base de licitación que a continuación se detalla:

Tipo de contrato: CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA
Obxecto do contrato: Execución da obra contemplada no Proxecto de "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024" redactado e asinado por Casimiro Fontenla Bugallo, Enxeñeiro industrial, colexiado núm. 711, en representación de ESINPRO INGENIERIA SL, B36406536 e aprobado pola Xunta de goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024 (ref. Expdt relacionado 882/2023- Contratacións menores de servizos)
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO
Tramitación: Ordinaria
Código CPV: CPV 45232130-2 Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas pluviales CPV 45232410-9 Obras de saneamiento CPV 45233222-1 Trabajos de pavimentación y asfaltado
Prazo obra: CATRO (4) MESES
Valor estimado: 202.512,13€
IVE: 42.527,55€
Orzamento base de licitación IVE excluído: 202.512,13€
Orzamento base de licitación IVE incluído: 245.039,68€

TERCEIRO.- Autorizar o gasto polo importe de 245.039,68 € euros IVE engadido con cargo á aplicación correspondente do orzamento vixente para o 2024.

CUARTO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (CSV: 7D7TCSNP94EZ62R6NR75M9CF - <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), asinados pola alcaldía en data 05 de setembro de 2024.

QUINTO.- Dispor a apertura do procedemento aberto simplificado de contratación con pluralidade de criterios de adxudicación e tramitación ordinaria, sometendo dito expediente, xuntamente co PCAP e o proxecto técnico denominado "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024", a exposición pública, ordeando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante do concello de Moaña na Plataforma de contratación do Sector Público.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade das persoas asistentes, de acordo coas competencias da Alcaldía delegadas neste órgano por Resolución da Alcaldía nº 562 de data 19.06.2023 (BOP.PO núm. 127 de 03 de xullo 2023), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar xustificada a necesidade da celebración do contrato de obra recollida no proxecto técnico denominado "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024" redactado e asinado por Casimiro Fontenla Bugallo, Enxeñeiro industrial, colexiado núm. 711, en representación de ESINPRO INGENIERIA SL, B36406536 e aprobado pola Xunta de goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024

SEGUNDO.- Aprobar o expediente de contratación de obra recollida no proxecto denominado "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024" por procedemento de contratación aberto simplificado previsto no art. 159.6 da



LCSP, con pluralidade de criterios de adjudicación, co valor estimado e presuposto base de licitación que a continuación se detalla:

Tipo de contrato: CONTRATO ADMINISTRATIVO DE OBRA
Obxecto do contrato: Execución da obra contemplada no proxecto de "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024" redactado e asinado por Casimiro Fontenla Bugallo, Enxeñeiro industrial, colexiado núm. 711, en representación de ESINPRO INGENIERIA SL, B36406536 e aprobado pola Xunta de goberno local na sesión celebrada en data 25 de marzo de 2024 (ref. Expdt relacionado 882/2023- Contratacións menores de servizos)
Procedemento de contratación: ABERTO SIMPLIFICADO
Tramitación: Ordinaria
Código CPV: CPV 45232130-2 Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas pluviales CPV 45232410-9 Obras de saneamiento CPV 45233222-1 Trabajos de pavimentación y asfaltado
Prazo obra: CATRO (4) MESES
Valor estimado: 202.512,13€
IVE: 42.527,55€
Orzamento base de licitación IVE excluído: 202.512,13€
Orzamento base de licitación IVE incluído: 245.039,68€

TERCEIRO.- Autorizar o gasto polo importe de 245.039,68 € euros IVE engadido con cargo á aplicación correspondente do orzamento vixente para o 2024.

CUARTO.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP) (CSV: 7D7TCSNP94EZ62R6NR75M9CF - <https://concellodemoana.sedelectronica.gal/>), asinados pola alcaldía en data 05 de setembro de 2024.

QUINTO.- Dispor a apertura do procedemento aberto simplificado de contratación con pluralidade de criterios de adjudicación e tramitación ordinaria, sometendo dito expediente, xuntamente co PCAP e o proxecto técnico denominado "RENOVACIÓN COLECTOR DE SANEAMIENTO E PAVIMENTO EN RÚA BAIXADA A TORNEIRA PLAN MAIS PROVINCIA 2024", a exposición pública, ordeando a publicación dos correspondentes anuncios da licitación do contrato no perfil do contratante do concello de Moaña na Plataforma de contratación do Sector Público.

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, de orde e co V.º e praxe da Sra. Alcaldesa, coa excepción prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, expido a presente certificación.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

Concello de Moaña

Rúa As Barxas, 2, Moaña. 36950 (Pontevedra). Tfno. 986310100.

